

# Escritores galegos, letras galegas en Madrid: a tertulia do café Lyon d'Or (1952-1954).

## *Galician Writers, Galician Literature in Madrid: Literary Circle at Café Lyon d'Or (1952-1954)*

Xesús ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela

### RESUMO

Artigo no que se describe a primeira tertulia literaria galega (e un pouco política) no Madrid da posguerra. Escribo quen, de estudante, foi o compoñente máis activo no grupo dos novos. Complementan o traballo, en apéndice, varios textos, algúns inéditos, entre eles o testemuño do Dr. Ánxel Rodríguez, asistente entusiasta á tertulia do café Lyon d'Or naqueles anos.

**PALABRAS CHAVE:** Escritores galegos, tertulia Lyon D'Or, literatura galega en Madrid.

ALONSO, M. X. (2004): «Escritores galegos, letras galegas en Madrid: a tertulia do café Lyon d'Or (1952-1954)» *Madrygal (Madr.)*, 7: 11-30.

### RESUMEN

Artículo en el que se describe la primera tertulia literaria gallega (y un poco política) en el Madrid de la posguerra. Lo escribe quien, de estudiante, fue el componente más activo en el grupo de los jóvenes. Complementan el trabajo, en apéndice, varios textos, algunos inéditos, entre ellos el testimonio del Dr. Ánxel Rodríguez, asistente entusiasta a la tertulia del café Lyon d'Or en aquellos años.

**PALABRAS CLAVE:** Escritores gallegos, tertulia Lyon D'Or, literatura gallega en Madrid.

ALONSO, M. X. (2004): «Escritores Gallegos, letras gallegas en Madrid: la tertulia del café Lyon d'Or (1952-1954)» *Madrygal (Madr.)*, 7: 11-30.

### ABSTRACT

This article describes the first Galician literary (and also slightly political) circle during the postwar period in Madrid. Its author, a student in those days, was the most active component of the group of youngsters. The study is completed by an appendix consisting of several texts, some of them unpublished, including words from Anxel Rodríguez, who used to enthusiastically attend the gatherings held at the café Lyon d'Or at that time.

**KEY WORDS:** Galician writers, group of youngsters, Café Lyon D'Or, Galician literature in Madrid.

ALONSO, M. X. (2004): «Galician Writers, Galician Literature in Madrid: literary circle at Café Lyon d'Or (1952-1954)». *Madrygal (Madr.)*, 7: 11-30.

**SUMARIO:** 1. Introducción, 2. Os maiores da tertulia, 3. Letrados e letraferidos máis novos, 4. Dous galego-argentinos, 5. Poucas e selectas mulleres, 6. Visítano-lo primeiro cronista: Núñez-Búa, 7. Os novos, 7.1. Nomes e algúns datos, 7.2. Castelao e nós: a «Mocidade Universitaria Castelao», 7.3. Antonio Lorenzo Sánchez e a non nata revista *Outeiro*.

## 1. INTRODUCCIÓN

No verán de 1953, eu finalicei a Licenciatura de Filoloxía Románica na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid. Moito antes de remata-la carreira —quizais en 1951— eu sabía que, os sábados, reuníase no café Lyon d'Or un grupo, pequeno, de galegos, que eran escritores ou estaban vencellados, dalgún xeito, ás Letras galegas. Sabíao por Ben-Cho-Shey, a quen eu trataba desde que cheguei a Madrid, no outono de 1948. Non cheguei a el por ningunha conexión galega senón da man dun soriano, José Fernando Cerrada Algarra, colega meu na Facultade, que era sobriño de Isabel Algarra, a muller de Ben-Cho-Shey (Xosé Ramón e Fernández Oxea). Na tertulia, os dous nomes fundamentais eran o de Ben-Cho-Shey e o de don Ramón Cabanillas, nesos anos residente en Madrid, se ben pasaba os veráns en Baracaldo, na casa dunha filla. Don Ramón Cabanillas e don Xosé Ramón foron sempre os «presidentes» da tertulia: don Ramón pola súa *auctoritas* de escritor e Ben-Cho-Shey polo seu entusiasmo, pola asiduidade e pola simpatía que suscitaba en todos, fosen vellos ou novos.

O café Lyon d'Or estaba na rúa Alcalá 18, a uns cento cincuenta metros da Porta do Sol. Café céntrico, antigo e moi espacioso, acollía tertulias diversas (de homes), pero ningunha tan literaria como a nosa: literaria e un pouco política. Hai anos que desapareceu o nome do establecemento, substituído polo de «Nebraska», na actualidade un restaurante moi lonxe da feitura e do espírito daquel vello café.

Polo que recordo, eu cheguei a aquel curioso cenáculo a fins de 1951 ou inicios de 1952. Fíxeno da man de Ben-Cho-Shey, aval excelente onde os houber. Nun principio, eu non só era o máis novo da tertulia senón que era o único novo. Fun moi ben acollido e mesmo algúns xa me consideraban filólogo polo feito de ser alumno de don Rafael Lapesa e de don Dámaso Alonso.

A tertulia —cómpre adiantalo— era heteroxénea nas idades, nas profesións, nas experiencias políticas... Por outra parte, non tódolos compoñentes eran escritores ou eruditos, aínda que todos eran lectores, letraferidos, e case todos interesados pola literatura galega. Antes de reunírense neste café, algúns asistían a unha tertulia de La Granja del Henar, entre eles Penzol, Álvaro Gil, Ben-Cho-Shey e Evaristo Mosquera. Cóntao Ramón Piñeiro no monográfico de *Grial* dedicado a Fermín Penzol (73, 1981).

Propoñome, nestas páxinas, face-la crónica daquela tertulia, que foi, creo, como tertulia literaria

galega, importante, sobre todo se temos en conta o tempo, tan mísero en actividades desta ou semellante índole. Permítame o lector que manifeste, tamén, que para min foi un acontecer moi importante: polas persoas que coñecín e tratei, polo que aprendín dalgunhas delas, polo que outras me axudaron... A tertulia estaba tan dentro da miña vida que para min era case un drama non poder asistir algún sábado que outro, sempre que razóns de causa maior o impedían.

Como cronista, aclaro que só abrango un período, os tres anos consignados no título deste artigo (1952-1954). Como xa sinaléi, a tertulia, aínda que minoritaria, é anterior nalgúns anos; en canto á fase posterior a 1954, eu só asistín episodicamente no curso 1955-56, doce ou catorce meses nos que me debía a tres tarefas prioritarias: a moza (Emilia Pimentel), a última fase do meu accidentado servicio militar nas Milicias Universitarias e a preparación das oposicións a cátedras de Lingua e Literatura Españolas de Escolas de Maxisterio. Finaliceinas o 12 de decembro de 1956, e, dous meses despois, en febreiro de 1957, estreábame, como profesor oficial, na Normal de Santiago de Compostela. Os contertulios «novos», coma min, deixaron de asistir en grupo ó Lyon d'Or antes de 1955, e moitos deles xa retornaran de Madrid.

Polo que sei, a tertulia non atraeu a outro grupo de «novos». Cando, no curso 1957-58, chegan a Madrid, como estudantes, entre outros, Méndez Ferrín, Ramón Lorenzo e Bernardino Graña, aínda que coñecen, queren e estiman a Ben-Cho-Shey, e admiran a Cabanillas, non se «realizan» na tertulia do Lyon d'Or. Pasaran poucos anos, pero, politicamente, eran outros tempos na Universidade de Madrid, que xa vivira o Congreso dos estudantes a mediados de 1956, que provocou a caída de Joaquín Ruiz Giménez, o ministro «liberal» de Educación. Algúns dos organizadores, na súa maioría comunistas, foron á cadea (Ramón Tamames, Jesús López Pacheco, Fernando Sánchez Dragó...). Os estudantes galegos axiña inventan unha colección de poesía, Brais Pinto, e, cunha conciencia de grupo, funcionan, á marxe do Lyon d'Or, na Universidade, nas tabernas e en canto espazo poden manifestarse. Estaban algo máis formados ca nós non só como letrados galegos senón tamén nas concrecións políticas.

## 2. OS MAIORES DA TERTULIA

Non imos presenta-lo curriculum literario e político de don Ramón Cabanillas, daquela, como

poeta, no cumio do Parnaso galego, nin de Ben-Cho-Shey, coñecido nesa altura como etnógrafo e arqueólogo, e sempre un afervoadado galeguista. Don Ramón, nesas datas, un pouco de volta dalgunhas cousas, nin sequera estaba moi orgulloso da súa obra poética. «Rapaces —díxonos unha vez—, se algunha vez facedes unha escolma da miña poesía, abonda cunha ducia de poemas». Ben-Cho-Shey e Cabanillas aparecerán, non poucas veces, ao longo deste relato.

En 1953, don Faustino Santalices cumpría 76 anos. Un ano máis novo ca don Ramón Cabanillas, semellaba o seu irmán menor. Daba gusto oírlo falar en galego, no seu galego de Bande. Fora funcionario de Gobernación, estaba xubilado e residía en Madrid desde había anos. No 1936, quizais con moi pouco entusiasmo, estivo cos «alzados», pero no momento en que o coñecín, lonxe de ser un home «da situación», estaba, simplemente, «na situación», alleo a calquera belixerancia. Mesmo simpatizaba con algunhas das voces da tertulia, na que se sentía moi a gusto.

A súa paixón, daquela, era a zanfona, instrumento que reconstruíu e depurou e sobre o que publicou unha monografía técnica en 1956 con prólogo de don Ramón Cabanillas. A outra paixón era a gaita, como instrumentista —foi un gran gaiteiro— e como estudoso. Pola gaita empezou a nosa relación, que axiña sería afervoadada. Eu nunca fun gaiteiro —nunca pasei de tamborileiro— pero son autor dunha pequena monografía sobre a gaita e os gaiteiros na literatura galega, monografía que quizais comezou a xestarse naquelas conversas con don Faustino Santalices. A don Faustino, certo día, alegroulle saber que eu era de Ventosela, patria de Xan Míguez (1847-1912), gaiteiro galego o de máis sona no seu tempo. «Merecida», recalcaba don Faustino, referíndose ó «Ventosela», que así se lle chamaba, dentro e fóra de Galicia, a aquel celeberrimo gaiteiro. Foi don Faustino quen me aclarou que o «gaiteiro» de Penalta, cantado por Curros Enríquez, fora un gaiteiro de carne e óso, non unha ficción do gran poeta de Celanova. Reveloume algo máis: que fora profesor seu, de gaita, a fins do XIX. Tiven ocasión de contar esta revelación, e outras anexas, hai tres anos, na mesma localidade de Penalta, ante os asistentes ao Congreso Internacional sobre Curros Enríquez. Lembrarán os congresistas que, nesa ocasión, amoseilles un exemplar da primeira edición dun dos grandes libros do noso século XIX: un exemplar da *Gramática gallega* de don Juan Antonio Saco y Arce, impresa en Lugo no ano 1868 por Soto Freire. Por que, nunha homenaxe ó gaiteiro

cantado por Curros, «ilustrei» a miña conferencia cun exemplar da venerable gramática? Porque pertencera a don Faustino Santalices e porque contiña esta dedicatoria:

*Adícolle, con moito afeuto, ô amigo Alonso,  
esta Gramática de Saco y Arce c'unha  
aperta d'iste vello gaiteiro*

F. SANTALICES

Era certo que me tiña afecto e algo máis: estaba seriamente interesado na miña carreira de filólogo, á que el quería contribuír agasallándome con esa alfaia da bibliografía galega. Eu levaba anos á súa procura, pero unha vez que atopei un exemplar nunha librería de vello en 1949 (na Cuesta de Moyano), sen ser moi caro, excedía, con moito, as miñas posibilidades de bibliófilo de casa pobre. Recordo que fun á librería tres ou catro veces polo pracer de follear e ler algúns parágrafos da Gramática, que pousaba, triste, no andel, aos dez ou doce minutos de lectura. Un día cheguei, e o libreiro, que sempre me vixiaba con simpatía, confesoume non sen tristura: «Ya la he vendido, joven; lo siento». Don Faustino Santalices nunca soubo o valor real do seu agasallo.

Arredor dos setenta anos tiña, daquela, don Edmundo Estévez, que fora gobernador civil de León no Goberno de Lerroux. Republicano de dereitas, era un antifranquista visceral, que proclamaba, ás veces, a voces, a súa xenreira ao Ditador. Era tío de dous eruditos galeguistas, Xoaquín e Xurxo Lorenzo, este xa falecido e a quen el estimaba intelectualmente moito. Bo falante de galego popular nas ocasións en que o empregaba, con Ben-Cho-Shey e comigo sempre. Era moi amigo de don Pío Baroja, a quen visitaba tódalas tardes e co que facía tódolos días dúas ou tres horas de tertulia desde había moito tempo. Os xoves, a iso das cinco da tarde, don Ramón e mais el saían do café para dirixírense ata o Museo do Prado, e, xa á súa beira, don Ramón encamiñábase á Real Academia Española, da que era membro numerario, e don Edmundo, uns metros máis alá, á residencia do gran novelista. Don Pío e don Edmundo sintonizaban moi ben polo feito de seren, cada un á súa maneira, unha especie de ácratas de dereitas. Ácrata, don Edmundo, un pouco raro, pois vestía moi ben, moi elegante: era un dandi. Moi fraco, os vellos amigos referíanse a el co alcume de «O lambritos».

A min don Edmundo apreciábame moito e, en xeral, aos mozos «revoltosos» que iamos á tertulia do Lyon d'Or. Un día, a catro de nós, invitounos a que o acompañásemos para coñecermos a don Pío,

invitación que aceptamos cheos de entusiasmo. Ao día seguinte, alá fomos, na súa compañía, José Manuel Almoína, Ánxel Rodríguez, Antonio Rubal e mais eu, cada un de nós cun libriño do escritor para que nos estampara unha dedicatoria. Eu adquirira, para a ocasión, un exemplar de *Paradox, rey*, da colección Austral. Don Pío non se negou.

Quen nos abriu a porta foi o propio don Pío Baroja, envolveito nunha manta e tocado cunha boina vasca ou navarra. Nese momento, don Edmundo, que nos precedía, ante unha certa estrañeza do escritor, que ignoraba quen eran aqueles rapaces, presentounos deste xeito: «Don Pío, aquí tiene usted a cuatro muchachos gallegos, antifranquistas, separatistas y que no creen en Dios».

Confeso que, naquel instante, quedei un pouco desconcertado, pois eu non sabía que fose separatista. Don Pío, oída aquela declaración de principios, repuxo: «Con esas credenciales, que pasen».

E pasamos, e parolamos con don Pío, e dedicouno-los libros, e comprobamos que don Edmundo era persoa moi importante na vida diaria do escritor. Eu volvíñ outra vez un día no que ategaban o salón das visitas un grupo de chilenos e chilenas, supoño que estudantes de Letras. Ese día vin por primeira vez na miña vida a Julio Caro Baroja, sobriño do novelista. Vivía co seu ilustre tío e iniciaba, nesas datas, a súa extraordinaria carreira de investigador en Antropoloxía cultural.

Ía algúns sábados á tertulia Evaristo Correa-Calderón, daquela catedrático de instituto en Salamanca pero con domicilio familiar en Madrid. Bastante alleo, nestas datas, ás Letras galegas, era dono de saberes literarios aos que un estudante de Filoloxía Románica non podía subtraerse (Gracián, os costumistas do XIX...). Eran famosos xa os seus libros de texto de Lingua e Literatura para o Bacharelato, feitos en colaboración con Fernando Lázaro Carreter, catedrático, neses anos, na Universidade de Salamanca.

O máis silencioso da tertulia era un pontevedrés, funcionario de Facenda, do que se dicía, en voz baixa, que fora represaliado no 36, e, en voz máis baixa, que era algo comunista. Chamábase don Gonzalo Mucientes, e pouco máis sei del. Se era comunista, era o único da tertulia. Daquela, infelizmente, eu estaba algo lonxe desas ideas e mesmo tiveron un día unha discusión cun parente de Álvaro Gil, Carlos Arias Esperanza, en opinión dalgúns contertulios, simpaticante do trotskismo.

Un esteo da tertulia era Fermín Penzol (Fermín Luís Fernández Penzol-Labandera), rexistrador da propiedade en distintas cidades españolas pero sempre, fose cal fose o seu destino profesional,

moi afincado en Madrid. Fondamente galeguista, dedicou boa parte da súa vida e dos seus aforros a adquirir libros galegos (no sentido máis amplo), froito do cal é esa magna biblioteca que hoxe custodia e administra, en Vigo, a Fundación Penzol. Foi, neste aspecto, un patriota exemplar.

Era Penzol, polo tanto, un home moi versado en libros, libros que non só mercaba, por unha causa, senón que lía. Eu, que xa algo sabía de bibliografía galega —bibliógrafo impecune, por outra parte—, teño pasado horas e horas de conversa con el, conversas que eran verdadeiros «solaces bibliográficos». Penzol facía unha vez á semana, cando menos, o periplo madrileño das librerías de vello, sempre á procura dun folleto raro, dunha primeira edición ou dalgún libro curioso, todos eles *ad maiorem Gallætiæ gloriam*. Algún sábado chegaba ao café cunha destas alfaias, que sempre me deixaba follear, consciente da miña lexítima cobiça. Na vida de Penzol había unha devoción, a dos libros galegos, e unha admiración moi grande, a que sentía por Ramón Piñeiro, que transmitía, sen querelo, a cantos falaban con el. Por estes anos apareceu na súa vida unha paixón, Blanquita (Blanca Jiménez Alonso, de Ribadeo), coa que casou. Ás veces, Blanquita asomaba polo Lyon d'Or.

O máis novo dos «vellos», dos maiores, era Álvaro Gil Varela, nado en Lugo no ano 1905. Ía ó café algúns sábados e sentaba, case sempre, á beira de don Ramón Cabanillas, ó que estimaba moito e a quen axudou economicamente, o que fixo, dun xeito ou doutro, con Galaxia e outras institucións. Na tertulia, para nós, era a voz —falando en galego— dun empresario intelixente que estaba convencido da importancia da cultura e que non se desentendía do seu pasado galeguista.

### 3. LETRADOS E LETRAFERIDOS MÁIS NOVOS

Erudito como poucos no XIX literario (no español e no galego) era Dionisio Gamallo Fierros, ribadense que ensinaba Literatura española no Instituto Ramiro de Maeztu. Autor de centos de artigos nos periódicos máis raros, era coñecido nos medios eruditos madrileños polo libro, que prologou Dámaso Alonso, *Gustavo Adolfo Bécquer. Páginas abandonadas. Del olvido en el ángulo oscuro... Ensayo biocrítico, apéndices y notas* (Madrid, 1948). Nos cenáculos galegos falábase de dúas investigacións inéditas, unha, sobre Lamas Carvajal (1949) e outra sobre Curros Enríquez (1951), premiadas ámbalas dúas con ocasión dos

centenarios destes poetas. Infelizmente, estes traballos seguen inéditos. Para min, tirarlle da lingua a este sabio decimonónico era un dos atractivos da nosa tertulia.

Como eu, daquela, estaba engaiolado pola personalidade filolóxica do Padre Sarmiento, as conversas con Carlos Martínez Barbeito, tan ilustrado no século da Ilustración, eran para min unha festa erudita. Carlos era un home de educación exquisita, dos de antes, pero nel as formas eran auténticas. A súa biblioteca galega, á que tiveron acceso, era prodixiosa. Alí vin por primeira vez un clásico do exilio galego: *La Henriada*, de Voltaire, en tradución castelá de Pedro Pablo Bazán de Mendoza, publicada en Francia no ano 1816. Creo lembrar que pousou nas miñas mans o exemplar case con unción. Carlos sabía moito da Ilustración, a transterrada incluída. Era un especialista en Cornide do que coñecía, nesas datas, un pequeno catálogo de voces galegas que el mesmo exhumou en 1956. Agradecido, eu fíxenlle unha reseña en *La Noche*, de Santiago (31-5-1958).

Lectores de «cousas» galegas eran Emilio Gil e Evaristo Mosquera. Emilio Gil, licenciado en Ciencias Naturais, e irmán de Álvaro, seguía con atención a actividade cultural galega. Recordo que o alporizaba un pouco a *Historia de la literatura gallega* de Fernández del Riego (1951), non polo seu contido, que apreciaba, senón polo feito de non estar en galego.

Evaristo Mosquera, pontevedrés, home bo onde os haxa, xa pasara pola cadea dúas veces: no 36 e no 46. En 1936 penou na illa de San Simón (o que conta nun libro de Ediciós do Castro, *Cinco años a bordo de una isla*), e en 1946 caeu nas mans da policía franquista con Ramón Piñeiro e Cesáreo Saco. Excarcerado, atopou comprensión e traballo en Madrid nunha das empresas ás que estaba vencellado Álvaro Gil. Non foi o único que se acolleu a esta instancia.

#### 4. DOUS GALEGO-ARXENTINOS

Francisco Luis Bernárdez, derrocado Perón na Arxentina, desempeñou un importante cargo na embaixada do seu país en Madrid. Na tertulia tiña amigos de vello: don Ramón Cabanillas e Evaristo Correa-Calderón, co que colaborara en *Ronsel*, a revista que o escritor lugués fundara e dirixira en Lugo no ano 1924. Eu lembro con precisión unha conversa con Bernárdez sobre Amado Alonso, o filólogo hispano a quen eu máis admiraba naquela época (máis ca a Dámaso Alonso). Falamos, pri-

meiro, da benemérita editorial Losada, de Buenos Aires, onde el publicara varios libros seus (e un *Florilegio del Cancionero de la Vaticana*) e onde Amado Alonso editou, unha e outra vez, os dous volumes da súa *Gramática castellana*, que a min parecíame o sùmmum (de saber e pedagogía) para alumnos de Bacharelato. Eu así llo comuniqué a Francisco Luis Bernárdez, quen me confesou ter trato co ilustre filólogo nos anos en que este viviu en Buenos Aires, onde fixo escola.

Isidro B. Maiztegui era tan educado, tan cumprido, que ninguén chegou a sospeitar que tiña simpatía co comunismo. Sabíase que era amigo de Juan Antonio Bardem e que, como músico, colaborou nalgunha das súas películas, especialmente en *Calle Mayor*. Poucos anos despois souben que tiña amigos na esquerda marxista arxentina, entre eles Norberto A. Frontini. Houben aproveitar esa amizade en 1961 para irme, cos meus, a Cuba, á Cuba de Fidel e do Che. Non sei se Maiztegui chegou a facer algunha xestión ante o seu amigo arxentino. O meu foi unha arroutada pasaxeira.

Maiztegui conversaba moito, na tertulia, con don Ramón e con Antonio Lorenzo Sánchez, comprometidos daquela cunha obra sobre a figura de Macías o Namorado.

#### 5. POCAS E SELECTAS MULLERES

Con certa frecuencia só asistía unha, Pura Vázquez, neses anos destinada como mestra nunha localidade próxima a Madrid. A escritora dedicalle unhas páxinas á nosa tertulia no seu libro memorialístico *Terra matria de soños* (1999), libro, por certo, onde conta un seu encontro con Carmen Polo de Franco, no que esta lle comunicou que o seu home, o Generalísimo, falaba moitas veces na casa en galego, noticia que contradí o dito pola Señora, anos despois, nunha revista italiana na que afirmaba que o seu marido, galego de nación (de nacemento), «non sapeva il dialetto». Co título «Pura no Lyon d'Or» publiquéi un comentario —e a miña sorpresa— nun artigo de *La Voz de Galicia* (25-2-2000).

No Lyon d'Or vin por primeira vez a Luz Pozo Garza e a Pilar Vázquez Cuesta, que, quizais, se citaran alí con Pura Vázquez. Estounas vendo ás tres poetisas sentadas no café, un pouco distantes da tertulia dos homes.

Quen, ás veces, acudía ao café era Pilar Cañada, poucos anos despois coñecida locutora da Televisión Española. Sentaba co seu mozo, o pintor Tino Grandío, un pouco apartada do groso da tertulia.



Nalgunhas ocasións ían ao café Blanca Jiménez Alonso, a muller de Fermín Penzol, e María Luisa Maseda, a muller de Celestino Fernández de la Vega. Era o punto de cita para, minutos despois, iren as parellas a algunha outra parte. Na reportaxe que Núñez Búa fixo sobre a nosa tertulia figura, en dúas das catro fotografías, unha muller que eu non recordo.

## 6. VISÍTANO-LO PRIMEIRO CRONISTA: NÚÑEZ BÚA

Os galegos que viñan a Madrid para resolveren algún asunto na Vila e Corte, ás veces achegábanse ao Lyon d'Or. Refírome a galegos do gremio literario ou con algún tipo de preocupación galeguista: Ramón Otero Pedrayo, Valentín Paz-Andrade, Antonio Figueroa, Isaac Díaz Pardo, Luís Viñas Cortegoso, Ramón Piñeiro, Sabino Torres, Amable Veiga... O máis integrado na tertulia foi Celestino Fernández de la Vega, extraordinario e cultísimo conversador, que pasaba un mes ao ano en Madrid (na temporada de ópera). Alí o coñecín e alí coñecín tamén a Aníbal Otero, que viña algunha vez a Madrid para debater, cos seus vellos colegas, os problemas que planteaba a recolleita lingüística nos territorios aínda non investigados polos colaboradores do *Atlas lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI). Nesas datas reanudou a recolleita en Portugal, nesta ocasión coa colaboración do profesor Cintra. Foi Ben-Cho-Shey, atento sempre a todo e a todos, quen nos informou do drama polo que pasou Aníbal Otero, no norte de Portugal, en xullo de 1936. As transcricións fonéticas foron, para a Policía política de Oliveira Salazar, proba incontestable de que o inocente lingüista era un «espía» ao servizo de Moscova. Con esta recomendación, chega Otero ás mans, en Tui, do fiscal fascista Ramón Rivero de Aguilar, que pediu para el a pena máxima, despois de instalalo a que explicase ao tribunal «qué era eso de la Filología». Fora o sacerdote e arqueólogo don Xesús Carro quen, non sen problemas, lle fixo saber ao fiscal que Aníbal Otero, ao redactar unhas fichas no alfabeto fonético, cumpría unha misión estrita de lingüista, de filólogo. Ben-Cho-Shey sabía ben a historia — moito máis ampla — e contábaa con indignación. Eu, dos contertulios, fun quen máis intimei co extraño lingüista de Ribeira de Piquín.

Pasaron pola tertulia outras persoas, algunha só unha vez, como Darío Álvarez Blázquez. Que recorde, dos galegos de América, só nos visitou un: Xosé Núñez Búa, exiliado en Buenos Aires desde

os inicios da Guerra Civil. Se mal non me lembro, coincidín con el dúas veces aínda que, creo, asistiu algún outro sábado, polo menos un, xa que eu non aparezo en ningunha das catro fotografías que ilustran o seu artigo «A tertulia do Lyon d'Or», publicado no número 9 da revista *Galicia emigrante* (Buenos Aires, febreiro, 1955). Hoxe por hoxe, esta primeira crónica é a única sobre a nosa tertulia.

Núñez Búa cita no artigo a don Ramón, presidente da tertulia «por consenso tácito e unánime»; a don Faustino, «musicólogo, mestre da zanfona e da gaita»; a don Edmundo Estévez, «fillo das Burgas, elegancia intrínseca, verba xugosa, rebeldía moza»; a Gustavo Ulloa, «ourensán que gozou da amizade dos mellores esmorguistas de Ourense»; a Isidro B. Maiztegui, «un dos compositores arxentinos de máis creto»; «a seriedade leda do bibliófilo Penzol»; «a presenza loira i executiva de Álvaro Xil»... As fotografías, do cineasta arxentino Moneo Sanz, foron feitas nun día en que non asistiron algúns dos mencionados e estaban presentes contertulios non citados na crónica. Por outra parte, os pés das fotografías están moi trabucados. (Emendarémolo nun apéndice do correspondente facsímile).

No artigo de Núñez Búa fálase tamén «de escritores e artistas mozos», pero non se cita ningún artista, aínda que nunha das fotografías figura Tino Grandío. Verbo da xente de Letras moza, só esta mención, referida a min: «... á mocidade estudosa e ás arelas de futuridade dun aprendiz nada aburrido de filólogo, Alonso...».

## 7. OS NOVOS

### 7.1. NOMES E ALGÚNS DATOS

Fun eu, como xa dixen, o primeiro en pertencer a aquela tertulia constituída por homes de idade, algúns dos cales xa figuraban nos libros de historia. Ser amigo de Ben-Cho-Shey, estudar Letras e interesarme pola Filoloxía galega propiciaban esta pertenza. Agora ben, por máis esforzos que fago, non recordo quen foi o segundo en incorporarse. Quizais foi Ánxel Rodríguez, estudante de Medicina.

Velaquí os nomes do grupo dos novos: José Manuel Almoina, Xesús Alonso Montero, José Luis Allué, Fernando Arambillet García, José María González García, Camilo González Suárez-Llanos, Jaureguizar, Jaime Magariños, Fernando Parga, Ánxel Rodríguez, Antonio Rubal Moas e

Nabor Vázquez Montero. Almoina, de Viveiro, estudaba Aduanas e era, sen dúbida, mozo de moita emoción galeguista; José Luis Allué cursaba enxeñaría de Minas (e tamén, creio, a carreira de Ciencias Físicas); Arambillet estaba a rematar Medicina e o mesmo González García; Suárez-Llanos (hoxe Camilo Gonsar) estudaba na miña Facultade a especialidade de Filosofía pura; Jaime Magariños, fillo dun santeiro compostelán, preparaba o ingreso na Escola de Arquitectura; Jaureguizar estudaba na Escola de Minas e Fernando Parga, moi lector de libros literarios, na Facultade de Ciencias Físicas. Ánxel Rodríguez, hoxe pediatra na súa terra natal (Tal, Muros), era acompañante de Santiago Montero Díaz nos seus singulares periplos nocturnos, presididos ás veces por Baco pero sempre por Minerva, e Nabor Vázquez Montero traballaba de administrativo no Colexio Alemán, xa publicaba versos e colaboraba, desde Madrid, en *La Noche* de Santiago.

Non había, entre os novos, ningunha muller, o que era un signo elocuente dos tempos. Tampouco había persoas que non fosen estudantes ou licenciados universitarios, agás Emiliano Blanco Casariego, oficinista, que foi compañeiro de cuarto meu nunha pousada da rúa Aduana, moi próxima ao café Lyon d'Or. Eu non o coñecía previamente, pero por el, que era de Viveiro, coñecín a dous viveirenses que non tardaron en ir comigo ao café. Falou de Antonio Rubal Moas e José Manuel Almoina, axiña moi comprometidos co espírito da tertulia.

Cómpre aclarar que Emiliano Blanco Casariego, o único representante da clase non universitaria, non era siareiro do café ás tardes, cando acudían os maiores; só asistía, con algúns de nós, despois de cear, pois algunha noite iamos para falar, entre nós, un pouco máis alto e distinto. Nestas sesións nocturnas algún dos amigos levaba, ás veces, compañeiros alleos á tertulia diurna, non sempre galegos. Recordo nunha ocasión un mozo e unha moza alemáns aos que eu lles lin algúns capítulos do libro *Cousas* de Castelao, polo que terminaron interesándose a fondo. Eu, daquela, oficiaba, en lugares moi curiosos, de lector de Castelao. Oficiei de xograr da súa prosa.

## 7.2. CASTELAO E NÓS: A «MOCEDADE UNIVERSITARIA CASTELAO»

Castelao era un nome extraordinariamente importante para nós. Creio que, do grupo, o único que tiña libros seus era eu: *Cousas* (o volume cos dous

libros) e *Retrincos*. Eran as primeiras edicións e únicas, ámbalas dúas de 1934. Eu conseguira os dous volumes na librería de vello de Xosé María Álvarez Blázquez (Vigo), un, *Retrincos*, a través de Penzol. Eu estaba engaiolado, literalmente, pola prosa destes dous libros de relatos: pola súa construción, polo seu léxico, tan escolleito, e pola capacidade de síntese, tan sabia sempre. Confeso que no caso de *Cousas* sentía devoción polas estampas nas que o noso escritor —aquí, tamén, artista— púñase a carón dos seres humanos que padecen a historia. Axiña souben de memoria «Si eu fose autor», pois eu, estudante de modestos recursos, viña dunha familia na que unha vaca era o centro do sistema planetario. Canto aos contos de *Retrincos*, parecíanme, e séguenme parecendo, cinco relatos antolóxicos da narrativa galega. Esta devoción literaria miña é a que me levou a facer, no ano 1962, a segunda edición do libro (Lugo, Editorial Celta), a primeira reedición, en Galicia, creio, dun libro de Castelao.

Eu tamén posuía o número 474 de *A Nosa Terra*, publicado en Buenos Aires o 25 de xullo de 1950, meses despois, por tanto, do pasamento de Castelao, a quen estaba dedicado, monograficamente, este número extraordinario, verdadeiramente extraordinario. Xa aquí, debo recoñecer que nós estabamos totalmente alleos ao Castelao de *Sempre en Galiza*; creio, por outra parte, que naqueles anos moi poucas persoas chegaron a ter nas súas mans un exemplar da primeira edición deste libro, a de 1944. En realidade non sei de ningunha e confeso que nunca vin un exemplar desa edición. A demanda de *Sempre en Galiza* en Galicia é algo posterior a 1961, data da segunda edición (primeira completa).

Castelao, pois, estaba moi presente nas nosas conversas diurnas e nas actividades nocturnas, e un bo día —non sei cal— decidimos chamármolos «Mocidade Universitaria Castelao», e con ese nome organizamos unhas xuntanzas ou encontros. Non sei cal foi a data e o contido da primeira, pero podó ofrecer precisións sobre a segunda, da que conservo un exemplar do programa. Aconteceu o día 21 de marzo do ano 1953. Se nos atemos ao programa, estaba previsto que abordasen o tema («A superstición galega») seis oradores: don Ramón Cabanillas («A superstición na poesía galega»), Ben-Cho-Shey («Supersticións do mundo celta»), Dionisio Gamallo Fierros («A superstición en Valle-Inclán»), Antonio Lorenzo Sánchez («Semellanzas e diferencias entre Andalucía e Galicia na superstición»), Xesús Alonso Montero («Mitos e supersticións») e Ánxel Rodríguez

(«Algunhas consideracións encol da psicoloxía do curandeiro»).

Ese día, ás catro da tarde (a hora anunciada), o espazo habitual da tertulia, no café, estaba acugulado e desbordado de siareiros. Había os de sempre (catorce ou quince) e oito ou dez persoas inéditas, amigos ou colegas dalgúns dos mozos, aguilloados, nesta ocasión, pola orixinalidade do evento. Había un que non era mozo: o doutor —e escritor— Darío Álvarez Blázquez, que pasaba uns días en Madrid. Cónstame que quedou sorprendido e entusiasmado coa iniciativa do noso grupo, sobre o que el non tiña ningunha noticia. Fomos, logo, moi amigos e penso que a nosa amizade comezou ese día.

Pero a xuntanza, no café, non só planteaba problemas físicos senón doutra índole, sobre todo doutra índole. Os «vellos», máis prudentes, suxeriron que aquel non era o lugar axeitado. Por se fose pouco, seguían chegando caras novas. Os «vellos», máis temerosos, inquietáronse, e foron eles os que propuxeron unha alternativa: trasladámonos ao Centro Galego, que non estaba lonxe de alí. E así se fixo, e foi Ben-Cho-Shey, vocal na comisión de Cultura do Centro, quen, xa nel, deu as instrucións oportunas para ocuparmos un salón onde se celebrou o simposio. Recordo que algúns dos presentes no Lyon d'Or ou non saíron do café ou non chegaron ao Centro Galego, un deles don Ramón Cabanillas. Había un certo desacougo.

Xa aquí, chegou a hora de dicir que era habitual na tertulia do Lyon d'Or un policía, un policía que falaba moi ben o galego, que era bastante lido e que, terminada a Guerra Civil, na que estivo pola súa quinta, non tendo moitas outras perspectivas profesionais, acolleuse ao oficio de policía. Xuraría que era boa persoa, e todos pensamos —daquela e hoxe— que non era un «espía» na nosa tertulia. Non sendo a nosa unha tertulia comunista nin criptocomunista, tan temidas polo Réxime, Ángel Bóveda —que así se chamaba— limitábase a tomar café con algúns amigos, a pasalo ben cuns paisanos e a disfrutar dunha tertulia pouco convencional non exenta de interese intelectual. De Friol (Lugo), era bastante amigo de Celestino Fernández de la Vega, pero non sei se chegou á tertulia da súa man. En calquera caso, o 21 de marzo de 1953, non estaba no café e, polo tanto, non se atopou na situación de ter que disimular algún tipo de preocupación.

Xa naquel amplo salón do Centro Galego, iniciámo-lo simposio. Non viñera don Ramón Cabanillas; non estaba, creo, Gamallo Fierros... e só eu levaba a miña comunicación escrita, manus-

crita. Se mal non me lembro, só intervíu eu, dos oradores, o menos ortodoxo, pois a miña comunicación, lonxe de centrarse nalgún aspecto do que se entende por superstición, foi un relato novelesco sobre o conflito, en Galicia, entre o galego e o castelán. Acabo de relelo, cincuenta anos despois, e chego á conclusión de que algún día debería editalo nos meus *Dispersos* para que se vexa que eu era, daquela, unha especie de místico da Fala, case tanto como Ben-Cho-Shey, o venerable Ben-Cho-Shey.

Xa nesas datas tiña unha preocupación moi fonda polo porvir do idioma galego, sobre o que non era moi optimista. De feito, un ano antes desta xuntanza, o 27 de maio de 1952, pronunciei na tribuna do Centro Galego, presentado por Ben-Cho-Shey, a conferencia «La muerte de las lenguas y la agonía del gallego», conferencia un pouco unanímica pois xogaba co sentido etimolóxico de *agon*, «agonía» (loita) como don Miguel en *La agonía del Cristianismo*. Foi, creo, a miña primeira conferencia, e debería figurar, no seu día, nos *Dispersos* citados. A segunda conferencia, se mal non me lembro, pronuncieina tamén no Centro Galego de Madrid e foi, como a primeira, de tema filolóxico: «Amor Ruibal y las teorías en torno al origen del lenguaje» (7-5-1954).

Volvéndonos á xuntanza da Mocidade Castelao, recordo —insisto— que só se leu a miña comunicación, que dediquei (lémbroo moi ben) a José Manuel Almoína, daquela un dos compoñentes do grupo máis devotos da causa do idioma. Houbo coloquio, non moi curto, e, xa ao final, Ánxel Rodríguez algo dixo da psicoloxía dos nosos curandeiros. Ánxel, que lía os seus clásicos, citaba moito a Rof Carballo. Non recordo que houbera unha terceira xuntanza, e, en canto á primeira, teño o confuso recordo de que un día, no Lyon d'Or, cos «vellos», falamos do celtismo (onte e hoxe), tema que interesaba a Antonio Lorenzo e sobre o que algo opinaba Evaristo Correa-Calderón, presente ese día. Xuraría que só da segunda xuntanza se fixo programa (a máquina), do que ofrecémo-lo seu facsímile. Teño falado con Antonio Rubal e con Ánxel Rodríguez, que corroboran esta afirmación.

Que Castelao fora, para algúns daqueles mozos, unha descuberta incitante próboo un episodio editorial que cómpre contar. Protagonizárono os dous viveirenses do grupo, Antonio Rubal e José Manuel Almoína, dispostos sempre a espallar, como fose, a obra literaria de Castelao, daquela de difusión moi constreñida. Nunha das xuntanzas nocturnas, nas que se leu *Retrincos*, eles comprometéronse, ante nós, a publicaren no programa de



festas de Viveiro un dos contos do libro. En efecto, un dos cinco relatos, «Peito de lobo», foi reproducido no volume *Fiestas patronales de Viveiro, 1953* (Imprenta Fojo). Volume relativamente grosso, contén, ademais de bastantes anuncios publicitarios, un número elevado de colaboracións literarias en prosa e en verso (Luz Pozo, Ramón Canosa, Juan Donapetry, Leal Insua...), todas en castelán agás un breve poema, «Soliña», de María del Carmen Sánchez Rego, remitido desde Bahía Blanca (Arxentina). Os textos en prosa, todos, amosan, despois do título, o nome e apelidos do autor, salvo no caso de Castelao, no que se consigna: «Por † A. R. C.». O mesmo acontece na páxina do «Sumario», a primeira do volume. Hai máis. No texto de Castelao, antes do título, os editores estamparon «Do Viveiro d'onte», como se a peripecia contada no relato do noso escritor acontecese nesta vila luguesa. Sexa cal for a intención do antetítulo, está claro que, en agosto de 1953, nun inocente programa de festas aínda se consideraba subversivo ou incorrecto amosa-lo nome de Castelao como autor dun texto politicamente aproblemático. Do que se trataba é de que o nome de Castelao non reaparecese, nin sequera asinando páxinas estritamente literarias. Fose quen fose o responsable directo deste disface, quizais sexa útil saber que o Presidente da Comisión de Festas era o alcalde de Viveiro, Alberto Michelena Rebellón.

### 7.3. ANTONIO LORENZO SÁNCHEZ E A NON NATA REVISTA OUTEIRO

Non é xusto que Antonio Lorenzo estea ausente dos nosos Dicionarios literarios, razón pola cal achegarei, neste apartado, datos que propicien unha reconsideración do seu polifacético labor. Transcribirei, en primeiro lugar, unha ficha biobibliográfica obrante no arquivo de Ben-Cho-Shey (Ourense), facilitada, creo, polo escritor Augusto Casas, residente, na década dos cincuenta, en Barcelona.

Don Antonio Lorenzo Sánchez. Natural de Santa Eugenia de Ribeira (Coruña), nació el 5 de marzo de 1920. Estudió Filosofía y Letras en Santiago y, pensionado, en Toulouse (Francia), y Derecho en Barcelona. Es Oficial Piloto de Aviación Militar. Pertenece a la carrera judicial y fiscal, en la que ingresó por oposición.

Concurrió el año 1950 al premio de Bibliófilos Gallegos con una versión gallega del *Cantar de los cantares*, hecha con estudio comparativo de todas

las versiones romances —francés, italiano, castellano, sefardí, portugués y catalán— sobre los originales hebreo, griego y latino.

Tiene en preparación un ensayo sobre la psicología y la Geopolítica gallega y un tomo de poesía aérea en gallego.

Verbo do certame de Bibliófilos Gallegos, algo podo aclarar e engadir. Trátase do Certame de Traducións ao galego, edición (de 1950) na que os gañadores foron Celestino F. de la Vega e Ramón Piñeiro, que verqueron —desde o alemán— o *Cancioneiro da poesía céltiga* editado por Pokorny. Nesa edición foi finalista a versión galega dos *Carmina* de Horacio feita por Aquilino Iglesia Alvariño. Dous anos despois, Antonio Lorenzo publicou parte dese traballo, na revista do Centro Galego de Barcelona, co título «Dous analeitos da versión galega de *A cantiga das cantigas*, cabídoo IV» (*Alborada*, xullo, 1952). O tradutor asinaba co pseudónimo de Amaro Chaín.

Estaba moi interesado polo idioma galego, mesmo pola súa «filosofía», como pode verse no ensaio en dúas entregas «Fala i-Esprito» (*Alborada*, 1952 e 1953). A Deputación Provincial da Coruña premioulle en 1951 ao traballo *La lengua gallega en Curros Enríquez*. Sei por Xesús Ferro Ruibal que colaborou con Vicente Llópiz Méndez na recolleita e organización dun Refraneiro galego, colectánea enviada ao Certame convocado por Bibliófilos Gallegos para 1952, edición que quedou deserta. O premio obterao un ano despois Vicente Llópiz, que se presentara, nesta ocasión, como autor único do Refraneiro.

Toda esta actividade é anterior ao noso encontro na tertulia do Lyon d'Or. Nela, Antonio Lorenzo case sempre sentaba á parte con don Ramón Cabanillas, a quen terminou convencendo de que debería facer uns versos para unha cantata sobre Macías o Namorado. Entre os letraferidos galegos, o único traballo que se coñece de Antonio Lorenzo é *Macías o Namorado. Poema escénico*, obra que, publicada por Galaxia en 1956, asinan, como escritores, Lorenzo e Cabanillas, e, como músico, Isidro B. Maiztegui, contertullo habitual do Lyon d'Or. Ás veces, os tres discutían amigablemente sobre a vida trágica e os versos románticos do vello poeta de Padrón.

Antonio Lorenzo estaba, nestas datas, entusiasmado coas historias que lle oía contar ao pintor Tino Grandío. Eran historias, inventadas, do *rus* lugues, protagonizadas por un estraño personaxe, tamén inventado, a quen Grandío chamaba «a Cifraña». Cóntame que, algunhas mañás, Grandío ía a un es-

critorio que tiña Antonio Lorenzo, onde este, despois de tirarlle da lingua ao pintor (ao literato), pasaba a máquina, *ad litteram*, a lenda da Crifraña.

Lorenzo era un home moi activo e con capacidade para iniciar ou mover tarefas intelectuais distintas. Convenceu a don Ramón, non sen esforzo, da importancia de Macías como protagonista dunha peza teatral moderna, e fíxolle ver a Grandío que o seu personaxe, a Cifraña, esixía desenvolvemento e cronista.

O grupo dos mozos levaba algún tempo pensando en facer unha revista literaria, esa revista coa que tódolos grupos xuvenís con inqedanzas literarias ou sociais teñen soñado. Tivo que chegar Antonio Lorenzo para empezar a materializalos nosos vagos desexos. Había o problema do permiso, sumamente difícil nun tempo en que a Dirección Xeral de Prensa tiña como xefe máximo ao falanxista Juan Aparicio, precisamente o Director Xeral que prohibira, á Editorial Galaxia, a publicación da Colección Grial. Pero Antonio Lorenzo, cun pasado político non sospeitoso, conseguiu a autorización na que se explicitaba que *Outeiro* —así se ía chamar— tería que redactarse no idioma oficial «con excepción de dos páxinas de poesía gallega».

Nabor Vázquez Montero, que era do noso grupo, fíxolle unha entrevista a Antonio Lorenzo que publicou en *La Noche* (19-2-1954), entrevista pola que descubro que eu ía se-lo subdirector. En realidade, a miña contribución, ademais dalgunha vaga idea, foi a do nome: *Outeiro*, que eu quería que fose *Outeiro das boas novas*, estupendo topónimo que lera nalgún libro ou traballo do P. Sarmiento. Lorenzo e os amigos retrucáronme que, como título para unha revista, era moi longo. Non chegou a publicarse o número 1 dunha revista autorizada e da que fixeramos propaganda, repartindo follas de subscrición, nun xantar, moi numeroso, de madrigalegos. Entre os que se subscribiron, recordo a Camilo José Cela. É estraño, pero non gardo exemplar ningún destas follas.

A entrevista publicada en *La Noche* suscitou unha resposta dos galeguistas de Buenos Aires, que aproveitaron —con toda lexitimidade— unhas palabras de Antonio Lorenzo («con excepción de dos páxinas de poesía gallega, autorizadas por la Dirección General de Prensa») para proclamaren, unha vez máis, «a noxenta persecución de que se fai ouxeto ao idioma galego» (*A Nosa Terra*, 16-7-1954).

Cincuenta anos despois, son incapaz de recordar cales foron os motivos polos que non se publicou o número 1 de *Outeiro*; non recordo tampouco se xa tiñamos algúns textos. Eu tiña a intención de escribir sobre o ideario lingüístico do P. Sarmiento ou de Amor Ruibal, daquela dúas paixóns miñas, e, en canto a Antonio Lorenzo, o director de *Outeiro*, cónstame que estaba entusiasmado, desde había tempo, co proxecto de construír unha especie de don Quixote que fose cabaleiro andante da causa da lingua galega. Xa construído, pensaba botalo a andar polos camiños de Galicia disposto a enfrontarse a tódolos muíños da incompreensión. Máis dunha vez me dixera que tiña claramente trazado o esquema argumental pero que non daba atopado «coa forma axeitada». Supoño que algunhas páxinas deste vello proxecto estarán no poder dos seus fillos, que gardarán (creo e quero) os inéditos sobre Curros Enríquez, o Refraneiro... Tamén as traducións inéditas e os versos «aéreos» de que se fala na ficha que transcribimos.

Antonio Lorenzo Sánchez faleceu en Madrid, polo que sei, hai uns quince anos. Creo que a última vez que o vin foi en 1958, en Madrid, na súa casa, na que xantei e conversei. Sinto non ter sabido del en tantos anos. Parece claro que, como escritor, erudito e tradutor, non estivo presente nas publicacións galegas posteriores, pero, desde esta revista, fago un chamamento para que familiares e amigos de Antonio Lorenzo conserven con agarimo o seu material literario. Sabemos de investigadores mozos interesados no seu estudo e, eventualmente, na súa edición.

# Apéndice I.

(Testemuño do Dr. Ánxel Rodríguez Fernández-Mayo)

A tertulia literaria do Lyon d'Or no Madrid dos cincuenta

*Aportación apendicular, ó traballo do profesor Xesús Alonso Montero para a revista Madrygal, de Filoloxía da Universidade de Madrid. Por Ánxel Rodríguez Fernández-Mayo, médico licenciado pola Universidade (daquela) Central, datada en Tal-muros (A Coruña) a 8 de marzo do 2004.*

A invitación que me fai o amigo e ilustre profesor Xesús Alonso Montero, para participar neste traballo que el escribiu para a revista *Madrygal*, coido, por moitas razóns, que ben merece ser correspondida. El puxo a súa idea e oportunidade en min e de ningún dos xeitos quixera defraudalo. Xuntos compartimos vivencias naqueles anos difíciles da posguerra, do «glorioso Movimiento» do caudillismo, que a realidade, xa de moi cedo, nos ensinou a rexeitar.

Acepto, pois, este reto, coa dúbida de acadar o nivel expositivo e propositivo que convén a este tipo de traballos e que eu quixera ofrecerlle. Pero teño que facerme un reproche porque eu non levei un diario nin tomei notas e xa é sabido que, pasada a fronteira dos cincuenta, daqueles anos de des-acougo, os vesgos da memoria poden traizoar o mellor desexo de avivecer aquelas andanzas co rigor e precisión que é necesario. Ao que hai que engadir, tamén por mor dos anos, moitas interrogantes que se acugulan sobre o pasado.

Para contextualizar e caracterizar os acontecementos e persoas no ambiente en que teñen lugar, faise preciso lembrar que estamos na etapa largacía máis reaccionaria, de represión implacable do réxime, da que tampouco se libaban as tertulias denotadas significativamente como literarias.

Foi con motivo da milicia universitaria para pasar o primeiro verán no campamento que nos convocaron, para darnos instrucións e os uniformes, nun vello cuartel, onde coñecín a Xesús Alonso, acontecemento que eu dato no curso 52-53. Os dous coincidimos no intento de levar a cabo, a risco de ser imputados de antipatriotismo, a evasión desta obriga; tiñamos razóns dabondo e pelexamos nesa loita denodadamente, con desigual fortuna.

E coido que foi daquela que eu cheguei ao café Lyon d'Or da man de Xesús, pois el xa era moi coñecido e estimado alí e participaba activamente na tertulia, mesmo en proxectos asociativos, literarios e culturais. A acollida —coido que esta é a palabra

axeitada— que eu tiven foi moi boa, especialmente por Fernández Oxea, de pseudónimo Ben-Cho-Shey, que, dito sexa de paso, acomodáballe, pola súa faciana de cor e parecido orientais. Exercía de Inspector de ensino e adicaba unha parte do seu tempo a tarefas literarias e culturais no Centro Galego de Madrid, no que era directivo, escritor e garda da lingua; sentíase ledo de facilitar e promover a participación da mocidade universitaria en tarefas culturais vencelladas coa Terra que amaba.

D. Ramón Cabanillas era o personaxe de máis rango literario e académico porque o era da Real Academia Española, inda que non o ostentaba; era irónico e, cando deixaba a tertulia cedo porque tiña Academia, dicía con sorna: «Vou gañar oito pesos».

Destacaba pola súa elegancia e pulcritude, pois era socio do Casino de Madrid, Edmundo Estévez, un republicano conservador de máis de media idade, moi culto, avogado e apoderado de D. Pío Baroja; era máis bilingüe ca nós. Sabiamos que fora gobernador civil de León no ano 34 e interlocutor de Franco, pois este fora designado para su-focar a chamada Revolución de Asturias, tras o fracaso do xeneral Ochoa, e tiña o seu cuartel xeral na capital; non tivo reparo, unha tarde que se falou de Franco, en dicir sen baixar a voz, literalmente, «Franco é unha besta», valentía que ratificou no intre en que eu lle pasei unha notiña advertíndolle da posible presenza da policía, á que constestou con voz subida «Dáme igual». A alocución de Edmundo, que tanto podía referirse a escaseza como a bestialidade do devandito ou ás dúas cousas, impactou en máis de un e foi seguida dun temeroso silencio, de aprobación, cando menos, pola miña banda. Ten por merecida a referencia da visita que el organizou para os mozos que daquela estabamos no Lyon d'Or a D. Pío Baroja no seu domicilio da rúa Ruiz de Alarcón; alí fomos nunha tarde de domingo de outono Xesús, Antonio Rubal, Xosé Almoína e eu. A tal fin mercamos

cada un o seu libro do prestixioso autor; o meu foi *Memorias de un hombre de acción. El aprendiz de conspirador*, unha edición de Espasa-Calpe do ano 1931 que custaba 5 pesetas, encadernado en vermello, que conservo como unha alfaia adicado e asinado cun saúdo. Saíu a abrimos o seu sobriño Pío Caro Baroja e a presentación que de nós fixo o grande Edmundo ao ancián pero lúcido D. Pío foi tan enxeñosa como extravagante e non o foi menos a resposta que deu o xenial novelista: «—D. Pío, aquí le traigo a estos cuatro muchachos gallegos que no creen en Dios ni en Franco. —Es suficiente para entrar en esta casa».

Acordanza especial merece o paso polo Lyon d'Or de Isidro Maiztegui, ínclito musicólogo arxentino, represaliado polo réxime do xeneral Perón. A súa presenza na tertulia denotaba ás claras a conexión entre a Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires e persoas da Tertulia. Non esquezo os paseos polos xardíns do Retiro na súa compañía.

Son moitos os persoeiros que se daban cita na tertulia do Lyon. Faustino Santalices, artífice das máis famosas e afinadas gaitas, gustaba tamén de dar notas do seu excitante anecdotario erótico. Os irmáns Gil, coñecidos empresarios e mecenas da cultura galega. Penzol, que fora compañeiro de facultade de José Antonio Primo de Rivera e traballaba xa, daquela, no seu proxecto da Fundación. Dionisio Gamallo Fierros, coñecido escritor e profesor do Instituto Ramiro de Maeztu. Tamén vinculado ao Centro Galego, Antonio Lorenzo e outros que esporadicamente viñan de Galicia, pois a

tertulia do café Lyon d'Or convertérase na referencia obrigada da cultura e da lingua galega en Madrid.

Fun asiduo e fiel asistente ao Lyon d'Or. Ninguén me pediu antecedentes nin declaracións de compromiso, nin eu esixín nada a cambio. A asistencia á Tertulia axudoume a superar problemas da propia identidade galega. Xesús Alonso Montero, como vinculeiro da Tertulia, exercía sobre nós atracción e liderado. Eu tiña claro que todos eramos superviventes da guerra, que era lexítimo que cada cal tratase de loitar e consolidar o seu estatus e as súas vidas, polo que as ideoloxías subxacentes non eran para min obxecto de análise. Dende aquí eu quero render unha homenaxe de recoñecemento e acordanza á memoria de todos os que coincidimos na Tertulia, máis que literaria, do café Lyon d'Or e xa non están. Fágoo coa certeza de que viven e vivirán na memoria de Galiza, no espírito da materia galega, nos fractais da súa lingua e da súa cultura, cun saúdo galego dende este Fisterra, meus amigos. E, como non, a Xesús Alonso Montero, polo tesón nas súas batallas inconclusas e ter feito o suficiente para que a nosa amizade consolidase e perdurase. Unha aperta moi grande ao grande amigo Antonio Rubal (daquela comentábase que fora un dos estudantes máis listos que pasou pola Universidade de Santiago). Unha aperta especial a Xosé María González García, médico moi intelixente e mellor compañeiro, onde queira que esteas. Tampouco esquezo a Xosé Almoína, que me din vive en Madrid.



## Apéndice II.

(Facsímile de textos éditos e inéditos citados no artigo)

1. Tarxetas de invitación a dúas conferencias de X. Alonso Montero (1952-1954).
2. Programa da II Xuntanza de «Mocidade Universitaria “Castelao”» (21-3-1953).
3. Dedicatoria a X. Alonso Montero de Faustino Santalices nun exemplar da 1ª. ed. da *Gramática gallega* de Saco y Arce, 1868 (1953).
4. Primeria páxina de «Peito de lobo», de Castelao, reproducido no programa de festas de Viveiro (1953).
5. En Madrid se va a publicar Outeiro.
6. Artigo de J. Núñez Búa sobre a tertulia do Lyon d’Or (1955). Corrixímo-los pés das fotografías (os nomes, sempre de esquerda a dereita):
  - Ben-cho-Shey, Ángel Bóveda, R. Cabanillas, Isidro B. Maiztegui.
  - R. Otero, R. Cabanillas, Ben-Cho-Shey, E. Gorrea Calderón.
  - ¿? Ben-Cho-Shey, Ángel Bóveda, R. Cabanillas, Isidro B. Maiztegui, Evaristo Mosquera.
  - Antonio Figueroa, Antonio Lorenzo Sánchez, Cino Grandio, ¿?, ¿?, ¿? Ben-Cho-Shey, Ángel Bóveda.



*El Presidente del Centro Gallego de Madrid, se complace en invitar a V. a la conferencia que en los Salones de dicha Sociedad, (Plaza de Oriente-San Quintín, 6), pronunciará el próximo martes día 27 del actual, a las ocho de la noche. el alumno de la Facultad de Letras de la Universidad de Madrid D. Jesús Alonso Martín, desarrollando el tema: «La muerte de las lenguas y la agonía del gallego».*

*Madrid, Mayo de 1952*



## Centro Gallego de Madrid

(Plaza de Oriente - San Quintín, 6)

El Presidente de la Sociedad, se honra en invitarle a la conferencia que desarrollará el próximo viernes día 7 de Mayo, a las ocho de la noche, en el Salón de actos, el joven filólogo y

Licenciado en Filosofía y Letras

**D. Jesús Alonso Montero**

acerca del interesante tema, de permanente actualidad científica

*Las* "Teorías en torno al origen del lenguaje"

Madrid, 30 de abril de 1954

Sr. D. ....

SEGUNDA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DA  
"MOEDADE UNIVERSITARIA "CASTELAO"

Temario. - "A superstición galega "

- 1) A superstición na poesía Galega.  
( D. Ramón Cabanillas )
- 2) Supersticións do mundo celta.  
( D. Xosé Ramón Fernández e Oxea )
- 3) A superstición en Valle Inclán.  
( D. Dionisio Gamallo Fierros )
- 4) Semellanzas e diferencias entre Andalucía e Galicia na superstición.  
( D. Antonio Lorenzo Sánchez )
- 5) Mitos e supersticións.  
( D. Xesús Alonso )
- 6) Algunhas consideracións encol da psicoloxía do curandeiro.  
( D. Anxel Rodríguez )

Nota a): Celebrarásse a xuntanza o 21-III-1953 a/s catro da tarde.

Nota b): Cada falante dispón dun tempo máximo de 15 minutos.

Nota c): Os ouvintes dispoñen de 5 minutos pra facer preguntas, oxeccións e suxerencias.

fidele, em muito afecto,  
 o amigo e honra, esta  
 franquea de Jaco, que  
 e unha aperta d'este vell  
 gaiteiro Gautier

## PRÓLOGO.

La lengua gallega, (la más dulce y melíflua de cuantas han aparecido en Europa sobre las ruinas del antiguo idioma de Lacio; la lengua gallega, nacida para ser la expresion de los más tiernos sentimientos y de la amable sencillez del cariño doméstico; tiempo ha que viene sufriendo una lenta, pero incesante destruccion, merced al continuo roce con la lengua oficial y clásica de los españoles. No seré yo quien en presencia de este hecho prorrumpe en estériles lamentos; pues considero que, si bien es imposible la desaparicion total de los dialectos y mucho mas de los idiomas de diversas naciones, mientras no desaparezcan las diferencias provinciales ó nacionales de carácter, de raza y de pais (lo cual no acontecerá nunca); sin embargo, la civilizacion, una en su origen, el Calvario,



DO VIVEIRO D'ONTE

# PEITO DE LOBO

Por † A. R. C.

**A**INDA eu era estudante cando se criou no meu maxín a idea de facer un cabezudo, e como na mocidade todo semella ledos e facedeiros, busquei o tipo máis laido da vila para que todol-os veciños escachasen de risa, sen facerme cargo da miña falla de caridade.

**DIÁLOGO** En Madrid se va  
**a simple** a publicar OUTEIRO,  
**VISTA** revista de la más joven  
 intelectualidad gallega

La Nobe. i. Santiago, 15-2-1954

MADRID La Peña de las letras gallegas en Madrid tiene su asien- to en la Cafetería "Lyon D'or" de la calle Alcalá. Y esto no es de hoy. Don Ramón Cabanillas, Ben- cho-sey, Santalices, Pura Váz- quez... la han acreditado con su indefectible presencia. Alrededor de estas figuras y otras que no cito, consagradas todas, se agru- pa una nueva generación de inte- lectuales gallegos, universitarios de la última hornada o con los títulos todavía húmedos de tinta de las diversas Facultades. Estos hablan ahora con entusiasmo de la "Revista". Uno, que vive al már- gen de todo, aunque de vez en cuando se asoma por allí con el solo objeto de ver caras conoci- das, esta vez se siente intrigado y pregunta:

—¿Qué es eso de la "Revista"?  
 —Sencillamente una revista men- sual que publicaremos muy pron- to con el título de "OUTEIRO"; ya contamos con la autorización de la Dirección General de Prensa

—¿Cuándo saldrá el primer nú- mero?

—A primeros de marzo.

—¿Qué campo abarcará?

—"Outeiro" no se limitará a la simple elevación de globos lí- ricos, ni tampoco a la mera explo- tación de veneros sentimentales o encastillamientos intelectualistas de minorías. Porque "Outeiro" —recalcan— además de la Belle- za y de la Verdad, está enamora- do de la Vida.

—¿Pueden concretarme las sec- ciones principales de la revista?

—Creación literaria (prosa y verso): Cultura Universitaria (De recho, Medicina, Filosofía, Filo- logía, Historia, etc) Cultura Eco- nómica (Agricultura, Industria, Comercio) Investigación (Folclo- re, Recensión de inéditos) Resu- men mensual de Prensa, Comen- tarios de Actualidad, Deportes, y como Rúbricas fijas: Tema de po- lémica cultural, crítica literaria, resumen bibliográfico mensual, Ventana al Mundo, Humor, etc.

—¿Quiéren Vds. dar las caracte- rísticas de estas secciones, o por lo menos de alguna de ellas?

—El denominador común de to- da ella será la sinceridad impla- cable. Por ejemplo, haremos crí- tica literaria y no pamema lite- raria; intentaremos polémica cul- tural y no pelotilla cultural.

—¿En qué idioma estará redac- tada?

—Aunque "Outeiro" se dedicará única y apasionadamente a Ga- licia, estará redactada en el lido ma oficial, con excepción de dos páginas de poesía gallega auto- rizadas por la Dirección General de Prensa.

—Las demás secciones de tema gallego escritas en español ¿no es eso?

—Ventana al mundo, será la única sección no gallega. En ella se comentará con raíz galaica al- guno de los problemas fundamen- tales de actualidad. "Inquieto" será una sección permanente que ofrecerá a dos columnas la do- ble visión de un tema candente visto por un representante de nues- tra generación y otro de genera-

ciones anteriores pero aun actuan- tes.

—Se puede saber el nombre del Director?

—La dirección de "Outeiro" correrá a cargo de Antonio Loren- zo, Licenciado en Derecho y de Jesús Alonso Montero, Licencia- do en Filosofía y Letras y Profe- sor auxiliar de la Universidad Central. La Redacción se llevará a cabo simultáneamente en Santia- go y en Madrid.

—¿Con qué colaboradores cuen- ta?

—Inicialmente cuenta con un plantel de jóvenes universitarios dispuestos a toda generosidad y a todo esfuerzo. Pero "Outeiro" no quiere ser satisfacción o bande- ría sino totalidad, y abre sus pá- ginas a todo el que tenga, sepa y quiera decir algo noble, digno y fecundo en pro de Galicia. Por- que "Outeiro" está penetrado del vaticinio: "A luz virá para Ibe- ria, dos fillos de Breogán".

—A propósito, una pregunta más ¿A dónde pueden dirigirse los colaboradores?

—Al Apartado de Correos 12.190, Madrid.

—¿Qué extensión tendrá?

—Treinta páginas.

—¿Confían ustedes en triun- far?

—Nos anima una fe ciega y apa- sionada. El triunfo es lo de me- nos. Ya es viejo que la semilla ne- cesita morir para granar.

—¿Cuándo nació la idea de la revista?

—La idea no nació, no tuvo prin- cipio ni tendrá fin, pues es un anhelo innato, consustancial a la inquietud espiritual de la juven- tud gallega.

El entusiasmo de los Directores nos obliga a confiar en "Outeiro" con la esperanza de que llenará un vacío, siendo portavoz de la cultura de Galicia.

NABOR VAZQUEZ MONTERO  
 Madrid. Febrero 1954



Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, e Ben-Cho-Shey na tertulia do Lyon d'Or.

## A TERTULIA DO “LION D'OR”

Por J. Núñez Búa

Fotografías de C. Moneo Sanz

As xuntanzas nos cafés onde escritores, artistas e políticos, ou sinxelamente homes de aficións coincidentes, se poñen a laticar do que lles peta, teñen en toda España, moí especialmente en Madrid, unha anterga e fecunda tradición ben coñecida. Isas xuntanzas, —nas que espallaron inxenio, facundia e sabenza moitos homes xurdidos e sonados—, van esmorecendo. Na novelística actual non se acusa ningunha â que se lle poida asiñar un pulo con proiliación parella â de Pombo, â da Granja del Henar, â do Montaña, âs de Fornos... Cecáis poida sinalarse como esceición a que alenta no antigo “Lion d'Or” da rua de Alcalá. Noutroira e perante anos, alí estivo a cotio acesa e trobante a verba milagreira e o ámpreo e múltiple aceno tribunicio de Basilio Alvarez, galego sen par, tan inxustamente esquecido.

Nise mesmo café, no salón interior, â dereita, xúntase pol-as tardes un fato de galegos residen-

tes en Madrid e algúns dos moitos que sempre chegan â “villa y corte” por eisixenzas do centralismo que padesece España. A presidencia da xuntanza, por consenso tácito e unánime, exercea Ramón Cabani-

llas. Acenar medido, verba xusta enraizada no cerne fondo da súa galegitude sen lixo, corpo ergueito, fermosa faciana sulcada como unha vella cepa que cada ano calla en mellorados ácios o seu saboroso celme, o ollar luminoso. Na súa leria vai deitando unha mancha dos recordos que garda na cunca da testa e na caixa do peito... Como un mestre, alí están os seus groriosos oitenta anos, ca bandeira do seu maxisterio de amor a Terra, co gallardete da súa lembranza garimosa pra os homes que souperon servila, ca flama da súa louba xenerosa pra cantos saben honrala... A carón do noso vate, outro galego da súa xenerazón. Rexo corpo de petruecio, alba e belida cabeza, a simpatía a rezumarlle por todol-os poros de cara. E' o musicólogo, virtuoso da zanfona e da gaita. mestre da artesanía instrumental, don Faustino Santalices. Na súa procura chegan a seguido, dende Galiza, gaiteros mozos pra lle pregar consello, pra lle encarregar un punteiro, pra someteren ô seu saber unha dúbida, pra lle pedir axuda nunha dificultade técnica.

E alí está a reo Ben Cho Shey, incansabel investigador da nosa riqueza arqueolóxica e folklórica,



O músico arxentino de orixen galego Isidro Maiztegui, conversando con Ramón Cabanillas e os outros contertulios.



fino narrador de contos do pobo, sempre ca súa aberta risa de bon ourensán. I estoutro fillo das Burgas, Edmundo Estévez: elegancia intrínseca, verba xugosa, rebeldía moza e se derramar graciosa e louzana, rebeldía prendida na brasa viva do artilheiro dos “zarzapazos”, cuia devoción non morre no seu seo fidalgo... E a seriedade leda, a enxebreza fidel. a ortodoxia que arrinea de Lugo e de Monforte, do bibliófilo Penzol, xunto á curiosidade inteleitual polimorfa de Antonio Lourenzo e á mocidade estudosa e ás arelas de futuridade dun aprendiz nada aburrido de filólogo Alonso... E tamén a presenza de Gustavo Ulloa, ourensán que gozou da amizade dos mellores esmorguistas de Ourense, cidade que arroloou os berces dos meirandes esmorguistas de Galiza. Alá na castiza rua de Toledo, namentras comercia en peixe, a enxebreza sempre frorida do Ulloa cabila con morriña nas vides de caíño e de brencellao, de garnacha e de moza fresca que se estenden en bancales ó pé do seu fermoso pazo de Santa Cruz, na encosta miñota que gabea cara Trasalba, a parroquia que á “sona de cantar e bailar ben”, amen a de ter como feigrés a Ramón Otero Pedraio...



Ramón Cabanillas nunha fotografía de Moneo Sanz.



Outro intre da conversa de Maiztegui co outro poeta galego, na tertulia de Lion d'Or.



Un fato de escritores e artistas mozos na tertulia galega de Madrid.

Dende fai dous anos, á beira de Cabanillas, asenta naquela xuntanza a súa inquedaanza musical galega un dos compositores arxentinos de máis creto: Isidro Maiztegui... E cando as esgotadoras tarefas das doz ou das cen empresas das que ten de termar lo consinten, alí chega, —apresada. urxida, un pouco agoneada— a presenza loira i-executiva de Alvaro Xil. E sempre, en viceversa ca de iste, a maneira pousada, como cumpre-a un crasificador de botánicas, do seu hirmán Emilio,

de voto dos poetas lucenses Pimentel e Varela.

\* \* \*

As fotografías do cineasta arxentino Moneo Sanz, ocasionalmente e por unha tempada contertulio de “Lion d'Or”, fóronme entregadas por GALICIA EMIGRANTE pra lle pór uns pés. En troques do que se me pideu, saíume ista nota, lembranza do meu realcontro fuxitivo e saudoso con vellos e queridos amigos. Se cadra botei de perda un bo tema. ¡Co pouco que custa non escribir!